



TÉCNICAS DE ESTUDO: O SUBLIÑADO

¿Que é subliñar?

É destacar mediante un trazo (liñas, raias ou outros sinais) as frases esenciais e palabras claves dun texto.

¿Por que é convinte subliñar?

- Porque chegamos con rapidez á comprensión da estrutura e organización dun texto.
- Axuda a fixar a atención
- Favorece o estudio activo e o interés por captar o esencial de cada parágrafo.
- Incrementase o sentido crítico da lectura porque destacamos o esencial do secundario.
- Unha vez subliñado podemos repasar moita materia en pouco tempo.
- É condición indispensable para confeccionar esquemas e resúmenes.
- Favorece a asimilación e desenvolve a capacidade de análise e síntese.

¿Que debemos subliñar?

- A idea principal, que pode estar ao principio, no medio ou ao final dun parágrafo. Hai que buscar ideas.
- Palabras técnicas ou específicas do tema que estamos a estudar e algún dato relevante que permita unha mellor comprensión.
- Para comprobar que temos subliñado correctamente podemos facernos preguntas sobre o contido e si as respostas están contidas nas palabras subliñadas entón, o subliñado estará ben feito.

¿Como detectamos as ideas máis importantes para subliñar?

- Son as que dan coherencia e continuidade á idea central do texto
- En torno a elas son as que xiran as ideas secundarias.



¿Como se debe subliñar?

- Mellor con lapis que con bolígrafo. Só os libros propios
- Utilizar lapis de cores. Unha cor para destacar as ideas principais e outro distinto para as ideas secundarias.
- Si utilizamos un lapis dunha única cor podemos diferenciar o subliñado con distintos tipos de liñas

¿Cando se debe subliñar?

- Nunca na primeira lectura, porque poderíamos subliñar frases ou palabras que non expresen o contido do tema.
- As persoas que están moi adestradas en lectura comprensiva deberán facelo na segunda lectura.
- As persoas menos adestradas nunha terceira lectura.
- Cando coñecemos o significado de todas as palabras en si mesmas e no contexto en que se atopan expresadas.